

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS	
	KG.	DIF.
CARNICEIRO	1.510	+0,05
SELECTO	1.265	+0,05
NORMAL	1.240	+0,05
CASTRADO	1.315	+0,05
CANAL II	1.610	+0,065
DESVELLE	0,70/0,76	0,00

Por primeira vez no que vai de ano as cotizacións do cebo sitúanse no limiar dos custos de produción: O forte tirón das cotizacións no norte de Europa, alentadas por unha boa exportación intracomunitaria de carne (sobre todo ao Este), fai que as cotizacións tiren agora con forza, e se sitúen por primeira en torno aos custos teóricos de produción. Mais a pesares disto, e aínda que as previsións son que as cotizacións sigan tirando nas vindeiras semanas, o feble consumo interno xunto coa ameaza de folga do transporte por estrada pode complicar a xestión a curto prazo.

Situación do mercado: Os pesos rexistran por terceira semana consecutiva variacións á baixa, polo que a redución da oferta comeza a ser unha realidade. Así as previsións son positivas, se ben a cautela no sector segue estando presente: 1º A depreciación do dólar fai que o mercado Europeo de Carne esté aprovisionado; 2º tamén se valora os posibles efectos que terá (e ten) a desaceleración económica mundial sobre o consumo interior (que actualmente non tira como debera o que imposibilita trasladar parte dos incrementos do vivo sobre as pezas) e tamén sobre do turismo (factor clave para as cotizacións do porco no verán); 3º E a curto prazo a xestión das matanzas e saídas pode verse afectada pola posíbel folga no transporte.

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS		
	KG.	UNIDADE	DIF
SELECTO	S/C	S/C	--
NORMAL	S/C	S/C	--

Segunda semana sen cotización no mercado dos bacoriños.

Os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiron na pasada semana deixar sen cotización ao bacoriño ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €, que tiñan prefixado xa con anterioridade. Así, e mentras que non se acaden cotizacións razoábeis permanecerán sen cotizar. Estímanse tamén uns custos de produción arredor dos 45 € polo que ao nivel das últimas cotizacións apenas se cubrían o 55% dos custos estimados de produción.

E na presente semana, aínda non se albisca aínda ningún troco na situación que faga prever unhas inmediatas cotizacións en táboa; para que isto se dea, terían que experimentarse alzas sustentábeis no cebo nas vindeiras semanas, permitindo mellorar as expectativas de mercado cara os vindeiros meses, de xeito que faga reactivar claramente a unha demanda que de momento está claramente sobreabastecida.

OVOS

CLASE	EUROS			
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.
XL	1.48	0,00	1.48	0,00
L	1.16	+0,02	1.16	+0,02
M	1.04	+0,02	1.04	+0,02
S	0.81	0,00	0.81	0,00

Incrementáanse as gramaxes medias dos ovos.

No presente ano, a tendencia da cotización dos ovos (agás no caso do XL) foi á baixa, polo que a alza producida hoxe, aínda que curta cuantitativamente, parece marcar un cambio de tendencia; segundo as estatísticas do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño, as reposicións de polas durante o 2008 foron as máis baixas dos últimos anos (cun censo de galiñas poñedoras que ven descendendo nos últimos catro anos). Ante a redución da oferta é de agardar que as cotizacións vaian á alza, aínda que dependerá da reactivación da demanda.

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS	
	KG.	DIF
SEMPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00

Quinta semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas: Segue destacándose na presente semana unha lixeira redución na oferta polo que o mercado está máis equilibrado. É precisamente nestas datas cando as cotizacións repuntan lixeiramente mais no presente ano, e tendo en conta o alto nivel das cotizacións, pouco percorrido á alza poderá quedar. As cotizacións son un 85% superiores ás de hai un ano.

COELLO

	EUROS	
	KG.	DIF
GRANXA EN VIVO		
NOVO	1.59	0,00

Todos mal. A situación de crise no mercado cunícola ameaza con perpetuarse. Aínda que nos situamos nun contexto de baixas nas cotizacións a situación complica cada semana existindo unha dualidade a nivel Estatal: a oferta recurtouse claramente en Cataluña (referente Estatal), pero non cuantitativamente igual no resto Peninsular. Así a produción négase a que descendan as cotizacións (levan moito tempo xa por baixo de custos), mentras que a grave redución do consumo lastra gravemente aos matadoiros.

COTIZACIONES SUBASTA DE GANDO DO DÍA 03/06/2008



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfn 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIONS	154,292
TOTAL ASISTENCIA	852		
TOTAL ADXUDICADOS	792		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	80	*
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	93	103
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	107	132

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	250	203
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	295	221
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	379	304

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	475	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	322	331
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	435	422

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIONS	257,974
TOTAL ASISTENCIA	378		
TOTAL ADXUDICADOS	355		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1,516
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	966
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	549
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	239

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIONS	57,967
TOTAL ASISTENCIA	88		
TOTAL ADXUDICADOS	72		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1.47	1.94
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2.39	2.21
RAZA RUBIA GALEGA	2.64	2.52

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría